

# *Mar...usía*

*Relatos salpresados*

Paco Rivas



BAÍA EDICIÓNS

# Historias de mar e de morte

Velaquí un novo libro de Paco Rivas. Agora un libro de prosa narrativa, de historias do mar e dos mariñeiros, das faenas de pesca e das súas artes; do mar e dos seus misterios, dos naufraxios, das conversas nas tabernas; de barcos e barcas, da vida da xente. Todo no reducido ámbito dunha moi concreta xeografía: a Mariña luguesa, as costas e as augas do norte, Nois, Pena Orxal e outras penas. En Nois precisamente ten o seu pequeno reino privado Paco Rivas; a súa casa é unha pequena atalaia a carón do mar que el coñeceu dende neno e que aínda hoxe continúa a contemplar, a revivir e reinventar e, como non, a recrealo coas palabras (que son moitas, case todas son), a embelecelo nos seus versos.

Así é que este libro, que é un mar de historias do mesmo mar, é só relativamente novo, pois o escritor entusiasta que Paco Rivas é xa ten tratada a cosmografía mariñeira en poemas ateigados de luz e de cor, de aves e peixes, de lúas e praias. Mais a este tema, verdadeiro *leitmotiv* da súa escrita, dedicou tamén horas de estudo para dar a coñecer a riqueza da fala das xentes mariñeiras, en particular nos terreos do léxico e da fraseoloxía. En calquera dos ámbitos –creación literaria, estudo teórico– que o escritor cultiva, o eixe, a constante, o epicentro é o mesmo: a lingua, que sente e expresa con radical paixón, con agarimo e con envexable e inesgotable riqueza.

Se non estou equivocado, que podería ser, a literatura do mar galego posúe máis relevo na lírica que na prosa; e así, un lembra sen esforzo o mar das cantigas medievais e, pasando por Rosalía ou Cabanillas e

dende longo por Manuel Antonio, o de poetas de hoxe: Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo, Bernardino Graña etc. Nestes últimos anos apareceron varias novelas de asunto mariñeiro, mais xusto é dicir que con excesiva frecuencia son historias baseadas en sucesos reais, sucesos lutosos, naufraxios convertidos, ademais, en desastres naturais. A literatura, nestes casos, queda nun segundo plano; a novela convértese en reportaxe ou crónica realista de intención denunciadora, de alcance social e aínda político... e pouco máis. Estas historias de Paco Rivas, onde o traballo estético do rexistro expresivo está coidado con mimo e a narración, lenta, pausada, recorrente, é un fin en si mesmo, obra de arte primorosamente traballada, está nas antípodas desa antedita narrativa social e documental. Un xusto equilibrio entre ambos extremos viría dado, por poñer un exemplo ilustre, por unha novela como *Gran Sol*, do inesquecible Ignacio Aldecoa.

A lingua destas narracións, clave das mesmas, amosa a súa natureza lírica a través de estruturas paralelísticas, de numerosas anáforas, dunha sensorialidade rica en cromatismo, dunha omnipresente (e ralentizadora) estratexia de recursividade e de suspensión (marcada graficamente) e así mesmo, de imaxes que fundamentan a visión hилозоísta da paisaxe transmutándoa de xeito vivificador, animizador, personificador tal e como evidencian pasaxes como “as *campás* da igrexa tamén *choraban...* a *néboa abriulle* as fiestras á noite... o *mar cuspe* salitre avermellado..., o *regato espiuse* de cantaruxos...” etc. O recendo do lirismo amadocarballista é de ben doada percepción.

Neste recamado tecido, nesta “fermosa cobertura” da que falou hai séculos o Marqués de Santillana, hai que salientar o predominio do nominalismo, típico da descrición, e a relevante intensidade da palabra. As palabras (hai no escritor unha frecuente creación de neoloxismos léxicos) son mínimas illas do mar verbal, do virtuosista despregamento léxico que é categoría substantiva nestas páxinas nas que prima o sensorialismo (non só visual): *sangue quente*, *corazón morniño*, *cantachoran os silencios*, *ecoar dos silencios*, *golpes secos*, *corpiño mol*, etc. Non renuncia o escritor á creación neolóxica, ao xogo verbal liberador de sonoridade, ao fraseo telegrafado e polipausado. Teimamos, como non, nos perfís sobresaíntes do labor verbal e retórico desta prosa tan mariñeira e tan galega como a

xeografía, os personaxes e a súa cosmovisión. A triloxía mar-terra-xentes é nestas historias unha viva presenza.

Cómpre, porén, advertir que esta prosa non se esgota na súa requintada superficie. Por baixo está unha sentimentalidade tenra e emotiva que xorde ao evocar a infancia, ao deseñar algúns personaxes. Hai, no fondo, un acento trágico, unha dura existencia cotiá e un final da mesma como perda, como desolación, como trágico naufraxio onde xoga o mar o protagonismo violento e destrutivo. A morte xorde súpeta, inexplicable, misteriosa, como unha fantástica chamada do alén que tamén no mar se manifesta.

Non seguirei para non cansar ao (raro, escaso) lector e, quizais, afondar na decepción do prologado. Queremos estar á altura e por veces non o conseguimos. A miña desculpa é que Paco Rivas estaba advertido, e así no seu pecado leva a penitencia. Entre o *docere* e o *delectare*, estas historias aseguran, nunha prosa de elevada lei artística, o segundo, o *delectare*. Mais tamén a vida asoma, a vida asolagada sobe e brota das augas coa acedume do seu final, do seu irremediable acabamento. A vida acaba, tamén na literatura.

*Luis Alonso Gargado*

# No rasel do *Albatros*

---

Indalecio sempre fora home de mar. Mariñeiro de seu. Dende pícaro. Dende que choutaba polas penas achicando nas pozas para pescar catro bícigas... Ou mógaros... Ou barbadadas. Ata que, con trece anos, se enrolou nun barco boniteiro dun amigo do seu pai... E ó Gran Sol. E foille ben. E rematou por mercar el un barco...

O *Albatros*.

Un barco boniteiro de moita telera. De moita esmorgada. Un barco moi mariñeiro, coma el. Mandouno moitos anos. Oito homes eran a súa tripulación. Oito homes de mar. Oito mariñeiros de seu. Oito homes que apreciaban moito o seu patrón... De seguro que si.

Co *Albatros* fixo moitos quiñóns de costeiros... De campañas. Ata que se xubilou.

O *Albatros* seguiu a rumbo. Rompendo os mares coas acordanzas da ollada de Indalecio. O patrón.

Indalecio desembarcou. Desenrolouse... Borrrouse do rol. Sobordou os degoiros. As arelas. Os devezos... Morreu un pouco.

Ancorou a ollada no rasel do *Albatros*.

E deixouse ir...

Mais el era home de mar. Mariñeiro de seu. Dende pícaro. Dende sempre. E pasou a ser mariñeiro en terra. Pero mariñeiro...

“Para matar o tempo”, dicía.

E matou moitas largas de tempo... En tempos.

Co tempo rematou por faltar... Como falta o aparello cando prende.

Igualiño.

A parroquia enteira estaba de loito. Facíanlle o enterro ó Indalecio... Antes ben, facían un arremedo... Non había defunto. O cadaleito era o acougo dunha lembranza.

Había xa tres anos que o bo de Indalecio saíra pescar. Pescar con vara. Era tempo de tronada. De treboada... Tempo dunha calor pachorrenta e abafadiza que semellaba querer rematar en tronos e alustros.

O mar estaba revoltó coma o tempo...

“Tanto mellor para buscar unha boa posta e pescar uns sarguetos”.

Cavilara Indalecio no seu día.

E así o fixo... Un caldeiro de pulga e uns ourizos para engadar. Unha presada de miñocas nun frasco vello de pímulas vellas para pór de carnada no amocelo... Para encarnar.

E foise cara á Escaleiriña. Alí había unha boa posta. Unha posta moi certa. Amante de sarguetos e robalos.

E aquí teño que fondear...

Nunca retornou.

Na posta da Escaleiriña atoparon a cana, o caldeiro case acugulado de pulga e catro ourizos machucados nunha pena... Dúas miñocas –que fuxiran do frasco vello de pímulas vellas– agatuñaban, arruñaban por un tarrelo...

Envorcaron os espazos da ribeira... Paseniño. Dende o alén ó aquí. Sen acougo. Á cerrada da noite a brisa deitou o derradeiro hábito. A lúa debrocou... E acochou nas augas tres ou catro ardoras.

Os ollos da freguesía arreo no rebusque.

E pasou o día.

E pasou un tempo... E pasou outro tempo... E outro tempo máis.

A freguesía esgotou os tempos... Goreceu o ollar nos arrabaldes do cotián.

E pasou un ano... E pasou outro ano... E outro ano máis.

Os espazos da ribeira acougaron de vez.

E o Indalecio non volveu... E a familia decidiu facerlle un enterro “coma Deus manda”.

E aí é onde nos atopamos...

O Indalecio vivía en Demoroi. No curucho... No faio da parroquia. Mesmo por onde o día fecha a fiestra despois de troulear dabondo amosando tres ou catro raeiras ameigadas. Había que atravesar toda a parroquia para chegar á igrexa... Ó cemiterio...

E aí arreamos o risón.

Temos un cadaleito lembrando a Indalecio. Un cadaleito baldeiro... Un arremedo. Catro levadores listos para darlle unha derradeira viaxe pola parroquia nos seus ombreiros... E un par de coroas. Unha da muller e os fillos que rezaba:

*Tu mujer y tus hijos no te olvidan.*

E outra dos mariñeiros que andaban ó mar con el no *Albatros*:

*Siempre te recordaremos.*

Quentaba o sol. Era unha atardecida suorenta... Sufocante. No sobrado da casa onde se estaba a velar o Indalecio. Mellor dito, o cadaleito. A metáfora do finado Indalecio.

Cheiraba a cera queimada, a suor abafante, fedorenta, que se ciscallaba por todo o cuarto. Era tal o gafume que ata semellaba feder a defunto... Aínda sen habelo. Había que saír daquel cuarto mortuorio. Daquel velorio cheirento.

E saíron.

Oparon o cadaleito os catro levadores. Con solemnidade. Cerimoniosamente... E para fóra.

Tamén ía calor, pero debaixo da parra que se erguía na entrada da casa ulía a verde. Ulía a orballada. A barruzo. A resío novo... Dende o abrente do día estaba acochando as pingas no colo do berce das follas daquela vella uveira.

E saíu o enterro.

Con solemnidade. Con moita solemnidade. Cerimoniosamente... Ese era o xeito. E comezaron a andar, amodo, que había que atravesar a parroquia. Os catro levadores vestidiños co traxe da voda. Un crespón... Un brazaletes. Unha fita ancha. Moura. Cosida na manga da chamma... E con gravata. Moura tamén. De loito rigoroso. Como ten que ser. Un enterro é un enterro... Unha cousa moi seria –aínda que non haxa defunto coma neste caso–. Un enterro non o hai todos os días.

E aquel andar. Aquel andar solemne. Cadencioso...

Que ti vas para esquerda? Eu tamén.

Que ti vas para a dereita? Imos todos.

E así desde a casiña do defunto ata a igrexa, estivera o lonxe que estivera...

Esquerda? Esquerda... Os catro para a esquerda.

Dereita? Dereita... Os catro para a dereita.

Coma nun desfile militar!

Que ben levaban o paso os condenados! Os catro acompasadiños. E ó tempo que camiñaban, dábanlle un bambeo ó cadaleito como nos pasos das procesións...

De esquerda a dereita... De dereita a esquerda.

Daba xenio velos! E se había un cruceiro... Fondeaban. Sí, señor. E os catro quietiños coma santos. Termando da brisa. E veña, un responso! E se o cura de aquí se picaba co de aló... Outro responso!

E os levadores quietiños coma santos. Fondeados.



Si, señor! Si, señor! Así era, e así debía ser... E as mulleres co veo na cabeza e co rosario e o misal nas mans. Si, señor! Si, señor! E chorando. Deitando bágoas a fío aínda que non houbese moitas gañas.

Se tocaba chorar, chorábase... Aínda que –coma neste caso–, non houbese defunto. Tamén eu digo! Por veces tamén se berraba. Todo era que unha botase o primeiro ...

—¡Aiiii, meu Indalecio do meu corazón! E vaste meu Indaleciño!

E a modo de resón...

—Aiiii, meu Indaleciño! E vaste!!!

Eses eran costumes. Costumes de vello. Costumes de sempre... Nunca deberon perderse.

Pero que lle imos facer! A vida é así!... Todo se acaba!

E así ía o enterro. Coma sempre. Como debe ser. Coma unha viaxe como nunca tivera en vida o defunto. Coma unha viaxe ó outro lado do alén. Coma unha viaxe de ida...

Sen volta.

Con aquel andar solemne, cadencioso... Con respecto... Con moito respecto.

Acotío o defunto ía nos ombreiros dun bo amigo... Cousa que non ten mérito ningún. Mais, de cando en cando tamén podía ir nos ombreiros do seu maior inimigo –pois ese día todo se esquecía–. E iso si que ten mérito.

Dádesvos conta do pracer, do gozo, que debe dar ir nos ombreiros –mancándoo– daquel a quen en vida máis mal lle querías da parroquia? O mesmo que che movera un pedreiro. O que che cortaba a auga do prado cando estabas a regar. O que che palmeaba as artes no mar.

Miña mamaíña... Que disfrute!

Si, meus tuiños, así se tomaban as cousas cando os tempos eran tempos... Hoxe vén un home cun traxe ridículo. Un traxe

estiradiño. Co ferro pasado polo pantalón para facerlle a raia en cada perneira... Pero sen volta. Sen volta nos bordos das perneiras. E sen voo, que tamén é moi importante.

Os pantalóns han ser de “pata de elefante”. Coma os traxes mariñeiros. Que voen as perneiras ó compás dos bambeos. Así han de ser. Pero o máis grave... O máis grave é que non leven o crespón. A cinta. A fita moura, cosida na manga.

E o cheiro do traxe? O recendo, o pouso... Que me dicides a iso? Un traxe que non estivera anos no gardarroupa acompañando a couza que o estaba a comer... Nin é traxe nin é nada. Un traxe ten que ter ese cheiro a alcanfor que lle dá ó traxe un ar a... Un ar. Iso mesmo, dálle un ar. Un ar de señorío. De señorío vello... Doutronte. Que esa é a cousa.

Pois ese home ridículo con traxe sen pouso... Ridículo tamén. Sen tan sequera levar o crespón, o brazaete mouro, no brazo... Na manga da chambrá. Ese home, sen ningunha solemnidade,ponse ó volante dun *aiga* co cura sentado ó seu carón. E veña... Sen un bambeo. Sen un choro... Comeza o enterro. E o defunto no cadaleito. Agochado de calquera maneira sen o benquerer dos seus. Sen se poder mover. E sen poder dicir nada. Sen coñecerlos de nada. Polo moito coñecería o señor abade, sempre e cando fora o da parroquia, que se non...

Iso non é serio. Metido no cadaleito por descoñecidos. Sen benquerenzas... Para esa viaxe especial. Ó outro lado do alén. Unha viaxe de ida...

Sen volta.

E sobre todo, sen o compás... Sen a cadencia do harmonioso camiñar dos levadores.

...E así, coma Deus manda, seguiu o enterro e chegou á igrexa... Un responso. Unha misa cantada... E pasaron ó cemiterio. E alí nun nicho da familia meteron o Indalecio. Xa sei, xa sei. Fixeron como se meteran ó Indalecio.

Arremedaron.

E aínda deitaron bágoas e berraron antes de tapiar con aquel adobe barrento. E dispuxeron as coroas fronte á campa. As dúas...

A da familia:

*Tu esposa e hijos no te olvidan.*

E a dos compañeiros do *Albatros*:

*Siempre te recordaremos...*

—¡Aiiii, meu Indalecio do meu corazón! E vaste meu Indaleciño!

Aínda se escoitou varias veces.

E a modo de resón...

—Aiiii, meu Indaleciño! E vaste!!!

O Indalecio xa se fora había tres anos pero a representación é a representación e hai que coidala ata o derradeiro acto...

Na campa quedou escrito: **Indalecio Cachafeiro 1902-1936.**

E rematou a obra co derradeiro acto. E foron marchando todos e todas. Falando do tempo, das festas, da pesca... E do veciño ou da veciña do lado. Como ten que ser. Como ten que ser... Parolando. Os homes para a taberna e as mulleres para a casaña... Como ten que ser. Como ten que ser...

Ós poucos días o Malfeito foi largar as artes ó mar. Nun bote. Nun bote pequeno no que só traballaba el. Saíu da casa cara ó porto e, ó chegar, meteu a bordo un par de riceiros de palangre cos amocelos xa encarnados para dar un par de lances logo do solpor. Contra a noitiña... Á cerrada...

Largar de axexo.

Subiu a bordo, colleu os remos e engarrounos cada un no seu tolete cos estrobos... Un por babor e o outro por estribor. E saíu do porto amodo, sen présas, remando con man firme, coma sempre.

Remou... Vogou.

E recalou na punta da Arnela... Un bo mar para largar o palangre. Levábao arrombado na cesta, volta a volta, para que non se leara ó largar. El remaba e o palangre ía eslimando... Ata caer ó mar, desenrodelándose. E sen learse.

Foi largando amodiño, e foi facendo. E largou os dous riceiros. Arreou a boia para marcar e abriuse para fóra... Enriba dos coios rompía o mar. Sentou na bancada do medio e estricou dos remos. O bote debuxou un ronsel, un recío, na tona da auga, pola popa. Outro estricón... E o ronsel ía a máis. Outro estricón máis... E o bote non debuxou ningún ronsel. Ningún rasel.. Ningún recío.

Non se moveu!

Outro estricón. Este máis forte..., máis seco. E nada, non se moveu. Aínda teimou cunha derradeira empuxada... Cun remo só ás dúas mans. Nada! Non se moveu.

“En que puíden prender? Non me explico”.

Escoitáronse uns petos no banzo, nos fondos do bote. Uns petos fortes ó tempo que asomaban pola popa un par de raxos dun polbo enorme, cun cabezón enorme, coma a cabeza dun home... Non daba creto. Os dous raxos avantaban por riba das picas e remataron aferrándose a elas... A cabeza. A cabeza era un cabezón. Pendurada na popa. Degolada. Ata que deitou na traveta... Na traveta de popa.

Refregou os ollos coas mans. Escachounos. Remelounos. Non entendía... Non sabía. E nestas, apreixou un remo polo luchadoiro. Púxose de pé no panel do medio –termando da verticalidade como só os mariñeiros saben facer–. Ergueuno por riba de si e deixou caer con todas as súas forzas a pa do remo contra aquel cabezón lixoso..., averdado. A cabeza, o cabezón, pareceu desacougar a postura e tentou erguerse. Pero xa lle caeu un segundo broucazo que case o parte pola metade.

Cos broucazos, os dous raxos que estaban aferrados nas picas de popa, arrearon... Perderon os tentos. Eslimaron cara ó mar, e

deixaron ó descuberto un par de brazos humanos descarnados..., esqueléticos. Nus. Tiñan un par de dedos en cada man aferrados ó caperol de popa.

Case acúa... Pola impresión. A conturba. O abraio. Case acúa no panel... Entre dous mamparos. Aquel polbo, aquela cousa era coma unha coroz. Un traxe de augas averdado que tapaba un esqueleto. Un esqueleto humano. E a cabeza, o cabezón, comezou a erguerse, amodo, case partido pola metade polos dous broucazos que o Malfeito lle arreara.

Os raxos eslimando, cara ó mar. Pola popa.

Os brazos. Os brazos e os dedos..., os catro dedos –os dous que tiña en cada man– quedaron aferrados, primeiro no caperol... Logo no cairel. Despois no branque.

E a cabeza agora si que estaba erguida. Era unha cabeza... Era un cabezón lixoso. Averdado. A suesta do traxe de augas. Iso era. A suesta que escondía unha cabeza humana.

E tamén foi eslimando..., cara ó mar. Pola popa.

Unha cabeza partida pola metade... Coa boca aberta e coa lingua fóra dela polo menos unha cuarta.

Escachou os ollos. Regalounos. Remelounos.

Por un lado da face –polo lado esquerdo– tiña a meixela toda desfigurada, con rabuñaduras, como se estivera a pelexar co mesmo demo. Polo outro lado –polo da meixela dereita, que era a primeira que se lle vía por estar enfilada cunha raiceira que deixou caer a lúa sobre ela– parecía que lle estaba a esvarar unha bágoa... Unha bágoa de salseiro e lúa branca.

Un derradeiro broucazo caeu sobre aquel cabezón. Daquela suesta. Daquela media caveira... E foi eslimando cara ó mar paseñamente mentres nos fondos do bote parecía que alguén estaba a petar... Cada vez máis maino, máis velaño.

Hai quen di que o Malfeito contou que ó darlle o derradeiro broucazo coa pa do remo, o lado esquerdo da faciana perdeu aquel

ceno de terror e meteu a lingua dentro da boca. E aínda semellou que, tamén dese lado, esvarara unha bágoa. Unha bágoa de salseiro e lúa branca.

E eslimou con certa paz..., cara ó mar. Pola popa.

Cara ós fondos da calexa por onde o mar sobe e baza para chegar ó xogal da Arnela... Pero esas son cousas que di a xente.

A lúa apagou a raicira.

No cemiterio da parroquia. No nicho do Indalecio. No nicho que contiña un cadaleito baldeiro –o arremedo dunha lembranza– semellou que alguén se acomodaba dentro del. Por fóra, na campa, por mor dunha luzada da noite podíase ler...

### **Indalecio Cachafeiro 1902-1939.**

O número seis envorcara.

Hai quen di que por mor dun refacho de nordés frescachón.

Pero esas son cousas que di a xente...